

## Queridas familias,

*Despois dun fin de curso moi diferente ao habitual, as "teachers" queremos agradecer a vosa colaboración e o traballo dos vosos fillos/as.*

*Sempre coa idea de manter o contacto co inglés de forma lúdica, decidimos enviarvos unhas recomendacións de cara ao verán.*

*Tamén queremos que saibades que no seguinte curso, comezaremos cun repaso do que non se puido levar a cabo de xeito presencial.*

*Lembrede que estas recomendacións **son voluntarias**, así coma o son todos os títulos e materiais suxeridos.*

*Sabemos que neste momento, tanto as rapazas e rapaces, coma vós estades cansos pero o verán é moi longo. Sempre sen esquecer que a tarefa fundamental do verán e divertirse, descansar e recuperar forzas.*



# RECOMENDACIÓNS PARA O VERÁN

## 3º de Educación Primaria

*Durante os meses de verán é aconsellable que os nenos/as manteñan contacto co inglés .Existen moitas maneiras de facelo. Aquí tedes algunhas:*

### 1. Actividades interactivas.

*No caso da materia de inglés, a mellor ferramenta para seguir en contacto coa lingua inglesa dende a casa, son as novas tecnoloxías. Se tedes á vosa disposición Tablet, móvil ou ordenador podedes acceder a unha infinidade de recursos interactivos para que os nenos e nenas aprendan xogando de forma autónoma ou coa vosa axuda. Poden descargarse APPS no móvil ou Tablet. Algúns exemplos:*

*FUN ENGLISH FIRST WORDS (British Council)*

*DUOLINGO*

*KIDLOLAND*

*ABAPLANET*

*Na aula virtual tamén tedes a vosa disposición recursos interactivos que non precisan de descarga.*

### 2. Lectura en inglés:

*Existen varios libros en inglés adaptados a 3º de Primaria:*

*Classic Tales 1. Ed. Oxford.*

*Dolphin Readers ED. Oxford*

*Calquera outro libro para estas idades que atopedes nas bibliotecas e librarías.*

*Tamén podedes ver videos con contos en inglés, en Macmillan Story Corner:*

*[https://www.macmillaneducation.es/teachers-corner/en-casa-con-macmillan/macmillan-live/#macmillan\\_story\\_corner](https://www.macmillaneducation.es/teachers-corner/en-casa-con-macmillan/macmillan-live/#macmillan_story_corner)*

### 3. Páxinas web didácticas:

- [www.britishcouncil.org.uk/kids](http://www.britishcouncil.org.uk/kids)*
- [www.vocabulary.co.il/index\\_main.php](http://www.vocabulary.co.il/index_main.php)*
- [www.bbc.co.uk/schools/barnabybear](http://www.bbc.co.uk/schools/barnabybear)*
- [www.britishcouncil.org/kids-topics.htm](http://www.britishcouncil.org/kids-topics.htm)*

4. Repaso do libro do colexio e do material colgado na aula virtual.

O voso fillo/a leva para casa o libro de texto usado neste curso, así como as fichas realizadas, os recortables de cada tema e a libreta. Outra boa forma de repasar é volver a ler as historias do libro, xogar cos recortables, escoitar as cancións, etc. Podese rematar o Activity Book (no caso de que quedaran actividades por facer). Na aula virtual tamén tedes una selección de vídeos e actividades.

5. Escoitar cancións ou vídeos en Youtube nos seguintes canles:

SUPER SIMPLE SONGS

THE SINGING WALRUS

ENGLISH SINGSING

FUN KIDS ENGLISH

MAPLELEAF LEARNING

HAPPY LEARNING

6. Ver debuxos animados en inglés ou películas adaptadas ao seu nivel (dispoñibles en canles infantís ou plataformas coma Netflix, Disney Plus, Youtube, etc).

CLAN RTVE:

<https://www.rtve.es/infantil/ingles/>

7. Fichas de repaso.

Engadimos enlace a fichas de repaso voluntarias. Son bastantes e pódense seleccionar.

[https://drive.google.com/file/d/1zJ4HNNR4ECWY5Bj9ulvmMe2p\\_dH\\_Bg3g/view?usp=sharing](https://drive.google.com/file/d/1zJ4HNNR4ECWY5Bj9ulvmMe2p_dH_Bg3g/view?usp=sharing)

Os alumnos/as que non superaron a materia é recomendable que presenten o traballo feito no verán (pódese elixir unha destas opcións):

- actividades do Activity Book na libreta.
- ou mercar un caderno de vacacións e completalo.
- realizar as fichas de repaso recomendadas.

**HAPPY SUMMER HOLIDAYS!**